

Testemuño humano

Comento, hoxe, un libro entrañábel. Trátase de *As douradas sílabas de X. M. López Ardeiro*, de que son autores Noemí Álvarez, María Rei e Suso Sambade. Libro cariñoso, pois, escrito por mans amigas que foron perfilando un volume que comeza cunha presentación, que é unha declaración de intencións, segue cun informado prólogo de José Antonio Ponte Far para continuar, despois, coa semblanza do home a través dunha serie de entrevistas que os compiladores foron sistematizando. Nesa primeira parte infórmasenos da vida do poeta, nado en Negreira no ano 1944 e traballador no Rexistro da propiedade desde os dezaseis anos. Tamén se nos informa da súa ideoxolía marxista, do seu compromiso social, do seu sentido do humor e do seu sentido da vida. A segunda parte trata da dimensión poética do autor, da súa produción literaria, da concepción que ten da poesía, etc. Chama a atención, sempre, o carácter divagador do entrevistado, que fala do divino e do humano sen orde establecida, dun modo libérrimo e simpático, coa proximidade cómplice que es-

t a b l e c e
diante de
ouvidos fa-
miliares.

Ese ton conversacional mestúrase na terceira parte cun estudo máis ou menos pormenorizado do corpus de X. M. López Ardeiro. De aí os núcleos temáticos en que se subdivide a sección: a presenza da patria, a familia, a vida social, a harmonía coa paisaxe, o Val de Barcala, o amor, o erotismo, o desamor, a preocupación pola transcendencia máis alá da morte, etc. A cuarta sección, An-

Da poesía con Terra

ROMÁN RAÑA



toloxía, reproduce aqueles poemas que os antólogos consideraron axeitados para confirmar as liñas analíticas anteriores, emanadas dos libros *Na néboa dunha esperanza*, *En bela sombra e amaranto*, *O matiz esmeralda da sombra*, *Un xardín no tempo* e *Versos de ausencia e desagravio*.

A quinta sección recolle dous emotivos textos. Un, de Avelino Pousa Antelo; e outro, magnífico, de Xulio López Valcárcel, que nos di: “Benditos os poetas que teñen unha terra”. Iso é o que era X. M. López Ardeiro. Ningunha outra palabra podería culminar mellor esta obra que constitúe, máis que nada, un verdadeiro testemuño humano.

ÁLVAREZ, Noemí,
REI, María e
SAMBADE, Suso.,
*As douradas sílabas
de X.M López
Ardeiro*, Ed.

Toxosoutos, Noia, 2008,
189 páxinas.